

FRANCISCO XESÚS JORQUERA CASELAS

Ferrol, 31 agosto 1961

Son Voceiro do Grupo Municipal do BNG e licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Resido no barrio do Castrillón.

Inicie a miña militancia no nacionalismo galego no curso 1978-1979 na organización estudantil ERGA, afiliándome nesa mesma época á Asemblea Nacional- Popular Galega. Son membro do Bloque Nacionalista Galego desde a súa fundación en 1982.

Na miña etapa universitaria fun Secretario Nacional de ERGA e representante desta organización estudantil no Consello Nacional do BNG. Participei na fundación dos CAF (Comités Abertos de Faculdade) e fun membro do Claustro da USC e da Xunta de Faculdade de Xeografía e Historia.

No BNG fun Secretario Técnico dende 1999 a 2003, Coordinador Executivo dende 2003 a 2009, Secretario de Acción institucional-Parlamento do Estado dende 2009 a 2012 e Secretario de Acción Institucional- Parlamento Galego dende 2012 a 2016. Fun, así mesmo, o seu Representante Xeral e Coordinador de Galeuscat polo BNG.

Senador por Galiza no periodo 2005-2008. Dende 2008 ata 2012 fun deputado pola provincia da Coruña no Congreso de Deputados e voceiro do BNG na devandita cámara. Candidato á Presidencia da Xunta polo BNG nas eleccións autonómicas de 2012, nas que resultei electo deputado pola provincia da Coruña. Exercín como voceiro do Grupo Parlamentar do BNG no Parlamento Galego entre 2012 e 2016.

Presidente da Fundación Galiza Sempre entre 2016 e 2019. Nas eleccións municipais de maio de 2019 fun Candidato á Alcaldía da Coruña polo BNG

Facebook: <https://www.facebook.com/jorqueracaselas>

Twitter: <https://twitter.com/jorqueracaselas>

<https://www.jorquera.gal>